

**19626** *REAL DECRETO 1302/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as bases do procedemento para a designación e acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde.* («BOE» 270, do 11-11-2006.)

A Constitución española considera a saúde na súa dobre dimensión de dereito fundamental (artigo 15), dotado dunha garantía xurídica reforzada, e de prestación dos poderes públicos, aos cales lles compete organizar e tutelar a saúde pública mediante medidas preventivas e prestacións adecuadas (artigo 43).

Esta segunda dimensión de prestación desenvólvese pola Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, que lles reconece a todos os usuarios do sistema o dereito a acceder ás prestacións sanitarias en condicións de igualdade efectiva e con independencia do lugar do territorio nacional en que se atopen. En particular, a citada lei garántelles a todos os usuarios o acceso aos servizos considerados como de referencia, tal e como xa prevía o artigo 15.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Estes servizos de referencia cobran sentido para a atención daquelas patoloxías que, polas súas características, precisan de coidados de elevado nivel de especialización que requiren concentrar, nun número reducido de centros, os casos que se van tratar ou as técnicas, tecnoloxías ou procedementos preventivos, diagnósticos ou terapéuticos, co fin de garantir a calidade, a seguranza e a eficiencia asistenciais.

A designación de servizos de referencia acordarase no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, igual que o número necesario destes e a súa localización estratéxica dentro do sistema, cun enfoque de planificación de conxunto. En relación cos criterios para o establecemento dos servizos de referencia, a citada lei e este real decreto consideran as comunidades autónomas de Canarias e de Illes Balears como estratéxicas dentro do Sistema Nacional de Saúde.

Ao Ministerio de Sanidade e Consumo correspóndelle, pola súa parte, acreditar aqueles servizos de referencia que sexan designados como tales, atendendo aos criterios de calidade que para cada un se establezan, así como proceder á súa reavaliación.

Desde o punto de vista económico, a atención nun servizo de referencia financiarase con cargo ao Fondo de Cohesión Sanitaria establecido no artigo 4.B).c) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e regulado polo Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de Cohesión Sanitaria.

De todo isto despréndese a importancia desta norma, que, recollendo os principios establecidos na Constitución española e na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, fixa as bases do procedemento para a designación e acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde.

Este real decreto recibiu o informe previo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, após a aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2006,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é garantirlles a equidade no acceso a unha atención sanitaria de calidade, segura e eficiente ás persoas con patoloxías que, polas súas características, precisan de coidados de elevado nivel de especialización que requiren concentrar os casos que se van tratar nun número reducido de centros, establecendo as bases do procedemento para a designación e a acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde, de acordo cun enfoque de planificación de conxunto, en desenvolvemento da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

### Artigo 2. *Centros, servizos e unidades de referencia.*

Para os efectos desta norma:

#### 1. Enténdese por:

a) Centro de referencia: centro sanitario que dedica fundamentalmente a súa actividade á atención de determinadas patoloxías ou grupos de patoloxías que cumpran unha ou varias das características previstas no punto 2 deste artigo.

b) Servizo ou unidade de referencia: servizo ou unidade dun centro ou servizo sanitario que se dedica á realización dunha técnica, tecnoloxía ou procedemento ou á atención de determinadas patoloxías ou grupos de patoloxías que cumpran unha ou varias das características previstas no punto 2 deste artigo, aínda que ademais ese servizo ou unidade atenda outras patoloxías para as cales non sería considerado de referencia.

2. As patoloxías ou grupos de patoloxías cuxa prevención, diagnóstico ou tratamento se realice mediante técnicas, tecnoloxías ou procedementos incluídos na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, en centros, servizos ou unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde, deberán reunir unha ou varias das seguintes características:

a) Enfermidades que requiren para a súa adecuada atención técnicas, tecnoloxías e procedementos preventivos, diagnósticos e terapéuticos, de elevado nivel de especialización, para os cales é esencial a experiencia na súa utilización, que só é posible acadar e manter a través de certos volumes de actividade.

b) Enfermidades que requiren alta tecnoloxía para a súa prevención, diagnóstico ou tratamento e para as cales, atendendo á súa relación custo-efectividade e aos recursos dispoñibles, se precise a concentración dun número mínimo de casos.

c) Enfermidades raras que, pola súa baixa prevalencia, precisan de concentración dos casos para a súa adecuada atención, o cal non implica atención continua do paciente no centro, servizo ou unidade de referencia, senón que este podería actuar como apoio para confirmación diagnóstica, definición das estratexias terapéuticas e de seguimento e como consultor para as unidades clínicas que habitualmente atenden estes pacientes.

3. Para os efectos da súa consideración como centro, servizo ou unidade de referencia non se terá en conta a atención sanitaria prestada aos cidadáns que por motivos de proximidade, accesibilidade xeográfica ou outras razóns acoden a un hospital ou centro sanitario dunha comunidade autónoma distinta á da súa residencia se non se cumpre o establecido no punto 2.

4. Os centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde daránlle cobertura a todo o territorio nacional e deberán garantirlles a todos os usua-

rios do sistema que o precisen o seu acceso a aqueles en igualdade de condicións, con independencia do seu lugar de residencia.

### Artigo 3. *Criterios para a designación de centros, servizos ou unidades de referencia.*

1. Os criterios que se elaboren para a designación dun centro, servizo ou unidade como de referencia deberán ter en consideración, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Demostrar coñecemento e experiencia suficientes no manexo da patoloxía, técnica, tecnoloxía ou procedemento de que se trate.

b) Ter ou prever un volume de actividade suficiente na técnica, tecnoloxía ou procedemento para cuxa realización se solicita a designación como centro, servizo ou unidade de referencia que lles garanta un nivel adecuado de calidade e seguranza aos pacientes.

c) Contar co equipamento e o persoal necesario para desenvolver a actividade de que se trate.

d) Ter dispoñibles os recursos que precise a axeitada atención do paciente, ademais dos do propio servizo ou unidade de referencia.

e) Obter indicadores de resultados adecuados previos á súa designación.

f) Dispor dun sistema de información que permita o coñecemento da actividade e a avaliación da calidade dos servizos prestados.

g) Dispor de capacidade de formación a outros profesionais na actividade designada como de referencia.

2. O Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia elaborará unha proposta de criterios específicos de designación de centros, servizos ou unidades de referencia en función do tipo de actividade para a que se vaian designar, que lle elevará ao Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

### Artigo 4. *Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia.*

1. Créase o Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia, dependente do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, ao cal lle elevará as súas propostas, e que terá as seguintes funcións:

a) Estudar as necesidades e propor as patoloxías ou as técnicas, tecnoloxías e procedementos diagnósticos ou terapéuticos para os cales é necesario designar centros, servizos ou unidades de referencia, o seu adecuado número e a súa localización estratéxica, tendo en conta os criterios recollidos neste real decreto.

b) Propor o procedemento para a designación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde.

c) Propor os criterios para a designación e a acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde, tendo en conta o establecido neste real decreto.

d) Emitir informe sobre o procedemento para a acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia.

e) Avaliar as solicitudes de designación recibidas e facerlle propostas de designación de centros, servizos e unidades de referencia ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

f) Estudar e propor a renovación ou, se for o caso, a revogación da designación dos centros, servizos e unidades de referencia.

g) Propor o procedemento de derivación dos usuarios aos centros, servizos e unidades de referencia.

h) Elaborar o regulamento de réxime interno do comité.

i) Outros aspectos que se lle encomenden en relación aos centros, servizos e unidades de referencia.

2. O Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia estará presidido polo titular da Dirección Xeral de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección. Integraranse nel, como vogais, un representante de cada unha das comunidades autónomas, do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, da Subdirección Xeral de Análise Económica e Fondo de Cohesión, do Instituto de Saúde Carlos III, da Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde e da Organización Nacional de Transplantes.

Para garantir o desenvolvemento das tarefas encomendadas a este comité, establécese unha secretaría que será exercida polo titular da Subdirección Xeral de Carreira de Servizos e Novas Tecnoloxías.

O Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia poderá incorporar ás súas deliberacións, con voz pero sen voto, os expertos en cada unha das materias que se consideren oportunos, en concepto de asesores, ou promover a creación de grupos de traballo nos supostos ou circunstancias que considere necesario.

### Artigo 5. *Procedemento para a designación dos centros, servizos e unidades de referencia.*

1. As propostas para iniciar o procedemento para a designación dos centros, servizos e unidades de referencia serán realizadas polo Ministerio de Sanidade e Consumo ou polas comunidades autónomas a través do Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia.

2. O procedemento de designación dos centros, servizos e unidades de referencia articularase a través do Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia regulado no artigo 4.

3. En todo caso, os centros, servizos e unidades de referencia incluídos nas propostas deben:

a) Contar coa correspondente autorización sanitaria conforme o regulado no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, e na normativa autonómica que regule esta materia.

b) Dispor do informe favorable da autoridade competente da comunidade autónoma onde estean situados.

4. O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través da Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde, acreditará os centros, servizos e unidades que propoña o Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas nesta materia.

5. A designación de centros, servizos e unidades de referencia levarase a cabo mediante resolución do Ministerio de Sanidade e Consumo, tras o acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, para un período máximo de cinco anos. Antes da finalización do período de validez da resolución será preciso renovar a designación sempre que, após a reavaliación pola Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde, se sigan a cumprir os criterios que motivaron a designación.

6. O Ministerio de Sanidade e Consumo fará pública e manterá actualizada a relación de centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde.

**Artigo 6.** *Revisión da designación dos centros, servizos e unidades de referencia e das técnicas, tecnoloxías e procedementos que realizan.*

1. Se o centro, servizo ou unidade deixa de cumprir algún dos criterios en función dos cales se designou como de referencia, o Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, revogará a súa designación.

2. O Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, revisará, como mínimo cada cinco anos, as técnicas, tecnoloxías e procedementos para as cales se designaron centros, servizos ou unidades de referencia, co fin de determinar se procede que sigan sendo de referencia ou se é conveniente xeneralizar a súa aplicación no Sistema Nacional de Saúde.

**Artigo 7.** *Acreditación dos centros, servizos ou unidades de referencia.*

O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través da Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde, elaborará o manual e o procedemento de auditoría para a acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde cos criterios que se establezan por proposta do Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia do Sistema Nacional de Saúde.

**Artigo 8.** *Obrigas dos centros, servizos ou unidades de referencia.*

A designación dun centro, servizo ou unidade como de referencia implica as seguintes obrigas:

1. Establecer e manter o sistema de información previsto no artigo 3.1.f).

2. Facilitar a información que lle sexa requirida en calquera momento para comprobar que cumpre os criterios para a súa designación.

3. Notificar calquera modificación dos criterios en función dos cales se designou como de referencia.

4. Comunicar os incidentes que afecten a atención das patoloxías ou as técnicas, tecnoloxías e procedementos diagnósticos ou terapéuticos para os que foi designado como de referencia.

5. Someterse á renovación da designación prevista no artigo 5.5.

**Artigo 9.** *Financiamento.*

O Fondo de Cohesión Sanitaria, establecido no artigo 4.B).c) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, financiará a asistencia sanitaria derivada, entre comunidades autónomas, a un centro, servizo ou unidade de referencia do Sistema Nacional de Saúde. Este financiamento aplicarase unicamente para as patoloxías ou as técnicas, tecnoloxías e procedementos diagnósticos ou terapéuticos para os cales o dito centro, servizo ou unidade foi designado de referencia e nas condicións e contías que se recollen no correspondente anexo do real decreto que regula o Fondo de Cohesión Sanitaria. No caso das comunidades autónomas de Canarias e das Illes Balears, a compensación incluírá tamén a atención aos procesos dos pacientes desprazados desde outras illas do seu territorio diferentes a aquela en que se sitúe o centro, servizo ou unidade de referencia designado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

A ministra de Sanidade e Consumo ditará cantas disposicións requira a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**19824** *ORDE EHA/3482/2006, do 19 de outubro, pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais dos bens inmobles e se determina a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación de determinadas comunicacións catastrais. («BOE» 273, do 15-11-2006.)*

O texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, establece no seu artigo 13.1 que as declaracións polas cales se manifesta ou recoñece ante o Catastro Inmobiliario que se produciron as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles, se realizarán na forma, prazos, modelos e condicións que sexan determinadas polo Ministerio de Facenda (na actualidade, Ministerio de Economía e Facenda). Pola súa parte, o Real decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve a citada disposición legal, prevé a determinación mediante orde do Ministerio de Economía e Facenda da forma, modelos, medios e demais condicións en que se deban presentar as declaracións catastrais. A aprobación destas normas e da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, determina a necesidade de elaborar novos modelos de declaracións catastrais adaptados á nova normativa catastral e tributaria, o que se fai mediante esta orde.

Xunto coa citada adaptación á nova normativa, esta orde introduce unha radical simplificación dos modelos para facilitar o cumprimento polos cidadáns das obrigas tributarias ante o Catastro. Para iso, deseñáronse uns novos modelos fáciles de cubrir, nos cales, ademais, se describen de forma clara e precisa os documentos que